

Traslado para alegacións en relación cos recursos de reposición interpostos contra a Resolución Reitoral do 28.06.2019 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de 24 prazas da escala técnica auxiliar (subescala auxiliar de servizos) vacantes na relación de postos de traballo de persoal funcionario da Universidade da Coruña.

O 17.07.2019, con rexistro de entrada núm. 101/2452, Miriam del Carmen Armesto Varela interpuxo un recurso de reposición contra a Resolución Reitoral do 28.06.2019 que entenden nula por conculcar o artigo 23.2 da Constitución a atribución de 2 puntos en concepto de *formación específica* pola superación dos cursos de linguaxe administrativo medio e superior e Celga 5.

En cumprimento do disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, reguladora do Procedemento administrativo común das administracións públicas, os ditos recursos póñenselles de manifesto aos interesados aos que se lles concede un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, para que poidan acceder aos recursos de reposición antes citados e formular as alegacións que estimen procedentes. Para o efecto poderán acudir ás dependencias do Servizo de Pas en horario de 09.00 a 14.00.